

“PREMÁTICAS Y DESAHOGOS”: PALABRA CONTRA O DERRUBAMENTO

Daniel Salgado

Os paquebotes que, en 1939, cruzaron o Atlántico cargados cos refuxiados da única España aceptábel –a da II República–, transportaban asemade a intelixencia das esquerdas escapada do terror fascista. O éxodo provocado pola bota de Francisco Franco e a meirande parte do exército español arrastrou, tamén, a ansia rexeneracionista dos pobos da península Ibérica. A terra española, como quixo aquel filme de Joris Ivens con guión de Ernest Hemingway¹, ficou no ermo. O preludio do asalto fascista a Europa constituíu unha paréntese na historia das nacións do actual Estado que aínda hoxe non remata de se pechar.

AS ALFORXAS DO EXILIO

A fractura intelectual que sucedeu ao holocausto de 1936 codificou durante décadas o campo das letras e das artes nas dúas ribeiras do océano. Se o horror, amplificado polo baleiro da posguerra, campou no sur da Europa Occidental, as alforxas das xentes desprazadas naqueles barcos da dignidade² forneceron os seus países de acollida. O México esquerdistista presidido polo xeneral Lázaro Cárdenas resultou a hospedaxe máis aberta para os refuxiados republicanos que, mirados ás veces de esguello por certos nativos con ansia patrimonialista³, se integraron na vida cultural do país.

Precisamente a México aportou, a bordo do mítico buque Sinaia, o poeta Lorenzo Varela. E foi en México onde Varela, despois de entrar na redacción da revista *Taller*, dirixida por Octavio Paz, botou a andar a aventura de *Romance*. Tamén en México se enfrontou, coa lira como arma métrica escollida polo inimigo, a Juan José Domenchina⁴. E do México ao que chegara en 1939, da man de Antonio Sánchez Barbudo, a Buenos Aires, apenas dous anos logo.

Durante o tempo de exilio anterior ao remate da Segunda Guerra Mundial, a actividade política e intelectual de Varela foi frenética. Cando Lorenzo Varela baixou do barco no que viaxaba dende México, no peirao recibírono Rafael Dieste, Carmen Muñoz, Arturo Cuadrado e Luís Seoane. De contado, e baixo o ímpeto dun Seoane que, ao longo da súa vida, non coñeceu o desalento, comezou o período máis vistosamente produtivo da traxectoria de Varela.

Editoriais propias, coleccións en editoriais alleas, poemas ou un libro de poemas –*Torres de amor*, 1942⁵–, colaboracións nas publicacións centrais da institución literaria arxentina –*Sur*– ou a primeira das tres revistas que Lorenzo Varela codirixiu en Buenos

Aires –*De mar a mar*, con Arturo Serrano Plaja–, a acción de Varela multiplicouse namentres durou a esperanza antifascista no exilio republicano. E é xusto desas ansias de liberación que naceu, en novembro de 1943 e co pulo de Luís Seoane, Lorenzo Varela e Arturo Cuadrado, o periódico quincenal *Correo Literario*.

NOS ALICERCES DO CORREO

Durante os corenta números que resistiu o *Correo Literario*⁶, a través das súas páxinas desfilou o máis graúdo non unicamente da cultura exiliada senón tamén das artes internacionais. Encirrados pola tríade dirixente, unha mancha de célebres sinaturas inzou a proposta dos refuxiados galegos: Ernesto Sábato, Julio Cortázar⁷, Octavio Paz, Ilya Ehrenburg, Louis Aragon, Vicente Huidobro, Mário de Andrade... A fronte cultural republicana respondeu ao proxecto de Seoane, Varela e Cuadrado. Alberti, Arturo Souto, León Felipe, Gil-Albert ou Francisco Ayala prestáronse a colaborar na xeira dun *Correo Literario* que andou á par do seu tempo histórico, e así o proclamaba o chamado ao lector aparecido na capa do primeiro número: “A pesar de que CORREO LITERARIO no será un periódico político, en sus números estará siempre presente la convicción democrática de quienes lo alientan y colaboran en él, la fe activa en el porvenir triunfante de la libertad”. Era o 15 de novembro de 1943 e a Segunda Guerra Mundial comezaba a mudar as tornas, logo da vitoria soviética en Stalingrado. O derradeiro folgo dos exiliados españois inchábase coa perspectiva da invasión aliada da España franquista unha vez esmagado o nazismo.

O peso de Lorenzo Varela na traxectoria pública do *Correo Literario* resultou decisivo. Amais de se encargar da distribución e do incipiente centro de documentación da revista⁸, Varela tirou no *Correo* máis artigos ca en ningunha outra das publicacións nas que participou. Xunta Seoane e Cuadrado, Varela traballaba para o *Correo* a tempo completo. As recensións de libros, a crítica de arte e de cinema, a teoría literaria ou a intervención política foron practicadas polo poeta de Monterroso, adoito empregando o pseudónimo Felipe Arcos Ruíz⁹, ao longo dos case dous anos de vida da revista de Buenos Aires. Alén diso, Lorenzo Varela deu á luz sete poemas até daquela inéditos¹⁰ e levou a escasa máis significativa presenza da poesía galega, reducida a unha nota crítica respecto de *Jacobusland*¹¹ e a unhas traducións da obra de Aquilino Iglesia Alvariño¹², ás páxinas do *Correo*. Entre as dúas seccións fixas do quincenario que o poeta redactou figura a ‘Carta abierta’, unha caste de editorial da publicación onde se “ensarillan, ata facérense inseparables, os temas culturais e políticos”¹³, entre os números 14 e 39 do *Correo Literario*. ‘Premáticas y desahogos’ foi a outra.

‘PREMÁTICAS Y DESAHOGOS’: A SECCIÓN

A definición canónica do apartado de *Correo Literario* ‘Premáticas y desahogos’ entre os estudos e estudosos dedicados ao poeta Lorenzo Varela trázase a partir de Luís Seoane.

Para o pintor amigo de Varela, os apuntamentos e aforismos que fan parte da sección resultan unhas pequenas obras “que lembran polo humor, os de G.H. Lichtenberg, ou os de J. Swift de *Os viaxes de Gulliver*, e que constitúen unha crítica da vida intelectual da época”¹⁴. No mesmo texto, o limiar á publicación do libro de Varela *Homaxes*, Seoane descobre precisamente a autoría do poeta de Monterroso tras esas faíscas literarias que, a dicir verdade, resultan máis que “unha crítica da vida intelectual da época”, que tamén. E descobre a Varela na redacción porque durante os doce primeiros números do *Correo Literario*, os que sobreviviu ‘Premáticas y desahogos’, a sección figurou sen asinar ou asinada co pseudónimo “Cojuelo”. Unha vez máis, Luís Seoane revelou a man de Varela detrás do anónimo¹⁵ e devolveulle os méritos lexítimos, aínda que de xeito póstumo.

Con todo, o enxeño, a mala pipa, o que de radiografía dunha época, e non só literaria, presentan os artefactos verbais, as faíscas, de ‘Premáticas y desahogos’ ben merecen unha paraxe máis demorada.

ESPELLOS E MODELOS

Premática: “Ley emanada de competente autoridad, que se diferenciaba de los reales decretos y órdenes generales en las formulas de su publicación” (diccionario da Real Academia Española¹⁶).

A cabeceira da sección, ‘Premáticas y desahogos’, saíu, probabelmente, dos trebellos literarios de Lorenzo Varela. A súa admiración confesa pola literatura española do chamado Século de Ouro, maiormente por Quevedo¹⁷, fornecían, xunta outras razóns, ao poeta de Monterroso dun sólido coñecemento do idioma castelán. Así, Varela escolleu un vella figura legal para acubillar a enxurrada de reflexións sobre o divino e o humano que constituíron ese apartado do *Correo Literario*. A compoñente de alivio intelectual agóchase na segunda parte do encabezamento, ‘desafogos’. E abofé que algo de desafogo existe cando, ben so o anonimato, ben so o pseudónimo ‘Cojuelo’, Lorenzo Varela tira a dar contra Pérez de Ayala¹⁸, Gerardo Diego¹⁹, Salvador Dalí²⁰ ou Jardiel Ponciela²¹, todos eles homes de literatura e de arte partidarios do fascismo durante ou logo da Guerra Civil en España.

A respecto dos modelos que Seoane atribuíu a Varela no limiar a *Homaxes*, Jonathan Swift e G.H. Lichtenberg, aparecen varias e diversas cuestións. Lichtenberg foi un físico alemán do século XVIII (1742-1799) na altura de hoxe pouco presente, malia a que Edward W. Said o sitúe xunta Nietzsche, La Rochefoucauld e Chamfort coma sobexo escritor de aforismos²². No que atinxe a Jonathan Swift, o autor d’*As viaxes de Gulliver*²³, as dúbidas resultan doutra traza. Malia a que a sona dos aforismos de Swift, chegados da súa querenza por La Rochefoucauld, non admite discusión, as traducións parciais das que foi vítima o escritor irlandés, case sempre minguadas a versións mutiladas d’*As viaxes de Gulliver*, impiden afirmar con rotundidade o coñecemento de Lorenzo Varela das men-

tadas obras. Con todo, a definición e as características de estilo que Abel López Rodríguez, o tradutor ao galego de Jonathan Swift, expón no limiar de *Ensaíos, sátiras e aforismos* cadran coa fasquía do escrito por Varela en ‘Premáticas y desahogos’. Swift posuía, a dicir de López Rodríguez, unha “intelixencia escintilante, unha ironía e un sarcasmo insuperables e un racionalismo e sentido común baseados nunha moi sólida formación clásica [...]”. A afirmación de Seoane a pé feito de Jonathan Swift e a súa pegada nas premáticas e desahogos de Lorenzo Varela está fundamentada. Mais, fóra d’*As viaxes de Gulliver* e por mor da escaseza de traducións, é probábel que Seoane e Varela, que mane-xaban o francés, o galego e o portugués, ou o castelán, descoñecesen a obra aforística de Swift.

A inspiración inmediata da pluma de Varela, á hora de se afiar contra a repugnancia, literaria e non, do seu tempo, áchase máis ben en José Bergamín e, sobre todo, en Antonio Machado. Como axeitadamente indica María Antonia Pérez Rodríguez, resulta “doado constatar que subxacentes baixo as sentencias ou aforismos de ‘Premáticas y desahogos’, en ocasións bastante corrosivas e sarcásticas, están as ‘enseñanzas de Juan de Mairena[...]’²⁴. Se José Bergamín é o compañeiro de xeración de Lorenzo Varela, presidente executivo da Alianza de Intelectuais Antifascistas a proposta do propio Varela²⁵, Antonio Machado é o patrón ético polo que se miden todos os escritores que pelexan contra o fascismo español. A presenza de Antonio Machado como símbolo aglutinador das forzas da esquerda, cortés co marxismo aínda que non marxista²⁶, até o derradeiro folgo comprometido coa causa da República, pairaba sobre os homes e mulleres intelectuais do 36.

Alén do exemplo político de Machado, Antonio, ficaban os heterónimos do poeta sevillano. Abel Martín e Juan de Mairena armaron os personaxes máis elaborados por Machado. Pero sobre todo Mairena anda na pluma de Varela cando este desata a sorna, a palabra corrosiva, a sentenza equilibrada, o paradoxo revelador, nas ‘Premáticas y desahogos’ do *Correo Literario*. O prototipo do humanista total que buscaba tamén Varela: “Nadie es más que nadie. Por mucho que valga un hombre nunca tendrá un valor más alto que el de ser hombre”²⁷. Nas ansias didácticas, proselitistas, preséntase igualmente a sombra de don Antonio Machado, aquel que quixo que a súa pluma valesse o que a pistola de Enrique Líster. Publicado en volume contra 1936, *Juan de Mairena* serviu de texto de cabeceira para todo un monllo de xentes embarcados na tarefa cultural. E velaí que traballaba un Lorenzo Varela inserido e incorporado de cheo no campo cultural, artístico e literario español.

O PSEUDÓNIMO ENTREMETIDO: COJUELO

A sección ‘Premáticas y desahogos’ aparece durante os doce primeiros números de *Correo Literario*, os que saen á luz entre o 15 de novembro de 1943 e o primeiro de maio do ano seguinte. ‘Premáticas y desahogos’ publícase sen sinatura en nove ocasións. As

tres restantes levan, na parte inferior, a rúbrica de Cojuelo. Unha nova referencia ao Século de Ouro da literatura española descobre ou ratifica a man de Lorenzo Varela detrás deste particular recanto do *Correo*. O alcume de Cojuelo procede do demo protagonista de *El diablo Cojuelo*, a novela que Luis Vélez de Guevara publicou en 1640.

A obra de Vélez de Guevara encádrase de certo xeito na tradición picaresca do sistema literario español. O estudoso Ramón Valdés asegura que malia a ser “casi un tóxico negar su carácter picaresco [...] no lo son en absoluto [elementos alleos á picaresca] el carácter episódico del *Cojuelo* ni la sátira de costumbres”²⁸. De calquera xeito, ben se podería afirmar que onde si hai picaresca é na retórica empregada por Lorenzo Varela para afinar as súas premáticas e os seus desafoxos. Así, cando se presenta o demo Cojuelo na novela de Vélez de Guevara, descríbese a si propio a través de palabras que a pluma de ‘Premáticas y desahogos’ asumiría totalmente: “[...] demonio más por menudo soy. Aunque me meto en todo. Yo soy las pulgas del infierno, la chisme, el enredo, la usura, la mohatra; yo truje al mundo la zarabanda, el déligo, la chacona, el bullicuzcuz, las cosquillas de la capona, el guiriguirigay, el zambapalo, la mariona, el avilipinti, el pollo, la carretería, el hermano Bartolo, el carcañal, el guineo, el colorín colorado²⁹; yo inventé las pandorgas, las jácaras, las papalatas, los comos, las mortecinas, los títeres, los volatines, los saltambancos, los maesecorales³⁰, y, al fin, yo me llamo el Diablo Cojuelo”. As premáticas e os desafoxos poden facer parte desta listaxe de pecados e a Varela mesmo lle acaería a teoría que o profesor Valdés emite respecto do Cojuelo: “puede simplemente ser una denominación más aplicada al maligno, al que la tradición aplica varios nombres. En las Sagradas Escrituras y en la tradición patrística y medieval, se puede llamar al Diablo: Satanás, Belial, Belcebú, Lucifer, Astarot...”³¹.

Advírtese, xa que logo, que na escolla de Cojuelo como pseudónimo para asinar ‘Premáticas y desahogos’ opera algo máis ca casualidade. O pequeno, astuto, rebelde, agudo, espelido, demo Cojuelo cadra coas intencións irreverentes da sección de Varela nos doce primeiros números do *Correo Literario*. E precisamente esta irreverencia con todo, contra todo, maniféstase até o punto de que, segundo María Antonia Pérez³², a Lorenzo Varela non se lle permitiría utilizar a “aguda ironía” e o “humor sarcástico” de ‘Premáticas y desahogos’ a pé feito de determinados escritores coñecidos nunha revista do xorne de *Cabalgata*, pagada por unha editora³³.

MATERIA DE DESAFOGO

Os pequenos textos que compoñen as ‘Premáticas y desahogos’ tratan, cun estilo áxil e un trazo atento a todo o que acontece, as correntes de forza, as actualidades, as polémicas, as vinganzas da paisaxe cultural percibida por exiliados republicanos galegos na Arxentina. Pero, asemade, adivíñanse as querenzas e as escollas mesmo estilísticas da man que mexe a sección. A parodia, adoito a ferramenta ou a arma coa que Lorenzo Varela ataca dende esta atalaia do *Correo Literario*, mesmo incide no propio poeta. A

cuestión da sinatura e da autoría, antes referida, de ‘Premáticas y desahogos’ parece ser a única diana buscada por estas liñas: “Siempre hemos creído que el autor de anónimos es algún desconocido: alguien a quien no conocen sus parientes más cercanos. En cuanto a la idea del vulgo, que siempre cree que es algún conocido, podría ser acertada si no fuese tan difícil conocer a alguien que tiene seguramente serios motivos para ocultar su apellido”³⁴. Esta achega de autocrítica, que raia na burla de si propio, pódese aplicar, se cadra, a moitos dos aforismos nos que Lorenzo Varela ataca as institucións do campo literario, o oficio do escritor ou certa retórica de certos autores de certas obras.

O branco máis usual do afiado gume de ‘Premáticas y desahogos’ resulta aquel conformado polos actores do xogo cultural-literario do tempo. Ao ter en conta que o *Correo Literario* é, antes de máis e segundo a definición establecida por César Antonio Molina, un periódico das letras³⁵, enxérgase o carácter maioritario da presenza da literatura na sección de Varela. E a crítica á que se ve sometido o que teña a ver con ese eido da cultura devén por veces demoleadora. O oficio de escritor, con todas as súas miserias, íspese brutalmente: “Los escritores que hacen cierta revista de cuyo nombre queremos olvidarnos, confiesan en un arranque de sinceridad, en un comentario de su sección editorial: ‘No ignoramos que la profesión de escritor obliga a cometer muchas tonterías’³⁶. Se nalgunhas ocasións o asunto se desenvolve con meirande amplitude –“Ese señor cuyas obras completas son un prólogo y medio cuento, cuyas lecturas se limitan a los suplementos dominicales de la prensa en boga, cuyos títulos para justificar su existencia en este mundo son una voz hueca y una pobre cabecita llena de pedantería, anda estos días, todos los días, por esas calles de Dios, agitando su pereza en vanas conversaciones de costurerilla displicente cuyos desaires, a pesar del tonillo ofensivo, no son otra cosa que ganas de aventura. Y es que hay gentes que quieren ver mezclado su nombre, ya que no sus obras, a sus intenciones”³⁷–, noutras o lategazo actúa como xeito de expresión: “Gracias a una aguda observación anónima hasta ahora, de Octavio Paz, sabemos que hay escritores que son escritorios”³⁸. Cando se supón que o disparo de ‘Premáticas y desahogos’ contra o oficio se dirixe a escritores en activo do entorno máis ou menos inmediato da revista, Lorenzo Varela adoita omitir o nome da vítima –“El joven poeta decía que se estaba buscando. ¡Por qué sitios, Dios mío!”³⁹. No entanto, para outra das categorías nas que, de certo xeito, se poderían clasificar os escritos que fan parte da sección, aquela que consiste en cuestionar os escritores españois que ficaron no bando fascista de Guerra Civil, os nomes e apelidos aparecen explícitos.

En ‘Premáticas y desahogos’ transparéntase un certo aire de combate inconcluso. A Segunda Guerra Mundial aínda non rematara e os exiliados republicanos galegos que andaban por detrás do *Correo Literario* non asumiran plenamente a súa condición. A derrota do nazismo podía levar canda si o derrocamento de Franco e nesas teimaban uns homes con todos os folgos de quen ten un mundo a conquistar. Para Edward W. Said, o exilio “non é nunca un estado satisfactorio, plácido ou seguro do ser [...] é a vida tirada

da súa orde habitual. É nómade, descentrada, contrapuntística; mais ao se afacer a ela, a súa forza desestabilizadora aboia de novo”⁴⁰. Esta reflexión verbo do exilio, porén, non se pode apor aos republicanos que, contra a primeira metade da década de corenta, erguen a súa contribución para o esmagamento do fascismo mundial. Están en guerra. Acae mellor ao Lorenzo Varela que, por volta dos cincuenta, perdeu certas esperanzas e non deixa de se tentar afacer a esa vida “nómade, descentrada, contrapuntística”.

Pola sección do *Correo Literario* desfilan inevitabelmente os escritores casteláns coniventes ou colaboracionistas co fascismo. Pío Baroja⁴¹, Ernesto Giménez Caballero⁴², Ramón Pérez de Ayala⁴³, José María Pemán⁴⁴, Azorín⁴⁵, Jardiel Ponciela⁴⁶ ou Manuel Machado⁴⁷ pasan pola agulla de ‘Premáticas y desahogos’, onde se revela a dispoñibilidade cara ao réxime de terror de Francisco Franco. O dardo, nalgunha ocasión, xeneralízase: “Los libros de Unamuno carecen de importancia filosófica. Esto dicen en España los que carecen ya de importancia existencial”⁴⁸. Ao tratar o último poemario de Gerardo Diego, outro escritor que aprobou a Franco, Varela entorna unha miga o seu concepto poético: “Si hay algo que se parezca a una calamidad, espiritualmente hablando, ello es la última producción de Gerardo Diego, metido de pronto a enterrador de banderilleros, sin que le sirvan las alas que en vano intenta robarle a Alberti, nin el cinismo manolo del Machado menor”⁴⁹. Lorenzo Varela sempre evitou que as calamidades espirituais campasen na súa obra poética, nun tempo tan duro e tan sombrizo como aquel que dicía Bertolt Brecht⁵⁰.

As teimas, as loitas literarias, os inimigos culturais de Lorenzo Varela xorden aquí e acolá en ‘Premáticas y desahogos’, confirmando a autoría do poeta de Monterroso tal e como deixou explicado Luís Seoane. Varela nunca ocultou a súa pouca estima, literaria mais ao que parece tamén persoal, polo escritor estadounidense Ernest Hemingway. E así o expón nunha das ‘Premáticas’ máis memorábeis: “Ernest Hemingway es un escritor que tiene la capacidad adquisitiva de Henry Ford, la audacia de Al Capone y la inteligencia que exige la Metro-Goldwyn-Mayer”⁵¹. Lorenzo Varela non falaba por non estar calado, senón que coñecera de primeira man a Hemingway durante a defensa de Madrid na Guerra Civil española⁵². O poeta galego dirixiu igualmente cara a Hemingway, no artigo ‘¿Por qué es aburrida la literatura?’⁵³, a afirmación de que a prosa do norteamericano era unha “hoja de servicio mal redactada”.

Cando en ‘Premáticas y desahogos’ fai entrada o escritor mexicano Martín Luis Guzmán –“El estilo de Martín Luis Guzmán es de cazador: apunta, hace fuego, y regresa a la oficina con el prójimo en el zurrón”⁵⁴–, entra tamén o conflito que deu fin á revista mexicana *Romance*, na que tanto se implicou Lorenzo Varela⁵⁵ durante os dous primeiros anos do seu exilio en México D.F. Na mesma sección do mesmo número do *Correo Literario*, xunta Martín Luis Guzmán, preséntase o poeta español Juan José Domenchina –“Detrás de esta palabra: Domenchina, es fácil comprender que no hay más que un hígado maltratado por las musas vengadoras”–, o exiliado de dereitas, adversario de

Varela dende a experiencia de *Romance* e a guerra de liras⁵⁶, manierista escravo, fol de resentimento contra as esquerdas republican⁵⁷.

‘Premáticas y desahogos’ ocúpase, digamos que estelarmente, da crítica das institucións literarias cunha acedume e unha clareza de visión abraiante. A concisión aforística de “El del teatro no es un problema, es un empresario”⁵⁸ garda toda unha concepción do mundo cultural que ha porfiar noutras muxicas da sección do *Correo Literario*. Deste xeito, Varela advirte que o xogo mercantil estraga a verdade literaria, el que sempre se proclamou abandeirado da dúbida: “El estruendoso éxito de una obra depende: un diez por ciento de la editorial, un veinte por ciento de la publicidad, un veinte por ciento de la crítica diaria de la gran prensa seria, un cinco por ciento de las revistas literarias de minoría, un treinta por ciento del distribuidor y de los libreros, un cinco por ciento de la crítica honesta. El restante diez por ciento depende, a partes iguales, del acierto del título y del valor verdadero del libro”⁵⁹. Continúa o poeta galego: “Los precios de los libros han subido, lo cual quiere decir que los autores ganan lo mismo y que el público paga más”⁶⁰. Varela, ou Cojuelo, mesmo advirte a función perversa dos cadros editoriais: “Consejo: vete inventando tus memorias para cuando el editor lo exija”⁶¹. E afonda na confesión das propias miserias –Varela gañou a vida, durante tempadas, como tradutor: “Deseamos a todos nuestros enemigos un destino de traductores, que es lo peor que les podemos desear. Exprimidos por los editores, odiados por los lectores, denunciados por los críticos, y siempre, sobre el fantasma de la miseria, el del autor que padece la traducción, señalándoles con el dedo la página del crimen, la palabra violada, el verso convertido en conserva editada”⁶². A respecto da academia, a opinión de Varela non resulta menos categórica: “Estaba tan oscuro que no se veía un académico a dos pasos”⁶³.

A sección do *Correo Literario* encargouse, asemade, de revelar certos riscos do mecanismo que move o gusto, as escollas editoriais ou a canonización dalgunhas obras: “[...] ¿Qué pasaría si el gran autor clásico resucitase y llevase a las editoriales una obra actual, desconocida, rara, y hasta opuesta a la que entonces escribió, sin la experiencia de tanto tiempo de muerte, de Olimpo, de calma trasmundana? // ¿Habría alguna editorial en este mundo, alguna gran editorial, alguna poderosa editorial, que le editara el libro? El bohemio que está junto a nosotros se permite decir que eso es posible, que lo que no sería posible desde luego es que le editaran el mismo libro sobre el que ahora marchan tantos batallones de editores, si de repente se viera en la necesidad de ofrecerlo como un original, como una novedad”⁶⁴. Neste interesante texto tíranse á area un monllo de cuestións aínda na actualidade centrais: O capital simbólico dos autores, a dependencia dos procesos institucionais de elaboración do canon respecto do sector editorial, a ausencia de criterios estéticos ou artísticos nas empresas, industrias, culturais e a redución do traballo literario á rendibilidade económica, etcétera.

De escollérense certos textos editados dentro da sección do *Correo Literario*, bocéxanse riscos da teoría estético-estelística de Varela. O poeta de Monterroso refírese aos

poetas de curso legal –“[...] un alma resbaladiza por la que pueden deslizarse igualmente la bondad inocente y la maldad premeditada [...]”⁶⁵, sempre a necesidade ética de quen escribe– e asegura que a “diferencia entre la poesía antigua y la poesía moderna es la misma que hay entre un castillo y una casa de departamentos”⁶⁶. Nunha ofensiva contra o artificio, Lorenzo Varela propón: “Siempre la había parecido que comer era un acto repugnante, pues de lo que tenía hambre ella era de literatura. Hasta que el médico la convenció con ejemplos de que nada engorda tanto como la retórica y de que el sentimentalismo es la más vulgar de las sopas”⁶⁷. A novela moderna centrou as preocupacións literarias de Varela, expostas amplamente no seu artigo ‘¿Por qué es aburrida la literatura?’, e aquí, coa retranscrición e a contención propias das sentenzas ‘premáticas’, asegúrase: “Qué ganas tenemos de preguntarle a ciertas personas: ¿para qué vive usted? Si no lo hacemos es porque nos tememos que nos contesten: para hallar la finalidad de la novela”⁶⁸. Máis adiante, nas ‘Premáticas y desahogos’, o poeta galego volve opinar arredor da narrativa longa: “Como si huiese de la sociología, la novela ha intentado siempre ampararse en la zoología: de este modo recordamos gatos, perros, zapas, águilas, conejos, ratas, que han competido ventajosamente con los personajes de sociedad, y que han hecho posible que la novela alcanzara el grado de perfección natural que hoy tiene”⁶⁹.

Tampouco a máis sonada das vangardas artísticas históricas, o surrealismo, se salva da pluma de Varela en ‘Premáticas y desahogos’. Intuíndo que a avanzada poética comandada por André Breton se insería no xogo do campo literario como un actor máis, o poeta de Monterroso escribía: “No hay ninguna razón en contra para proponer a André Breton como candidato al Premio Nobel. El surrealismo, como la dinamita, necesita la consagración de su arrepentimiento”⁷⁰. No apartado do *Correo Literario* chegouse a apuntar que “Si de nosotros dependiera, Orson Welles no se casaría con Rita Hayworth (sic), sino con cualquiera de esas tremebundas ensayistas que tienen la belleza de la arquitectura de Gaudí y la gracia literaria de André Breton”⁷¹. Luís Seoane explicou, tamén no limiar a *Homaxes*, que por aquelas datas el e mais Lorenzo Varela falaban arreo “dunha especie de neorromanticismo que nos parecía iba a ser o seguimento do surrealismo imperante en Francia e noutros países, sobor todo nos Estados Unidos”. Seoane confesaba que andaban entusiasmados pola “actitude romántica [...] dalgúns dos primeiros membros do surrealismo”. Con todo, o tempo de esplendor, cando menos no nivel de repercusión dos manifestos e de acción colectiva, do surrealismo xa pasara nos anos do *Correo Literario*.

Mais Varela, e probablemente Seoane, eran conscientes de que a revolución surrealista ía máis ao fondo do aparente e excedía a visión case que mediática do seu autopromovido líder André Breton. Como teoriza o francés Miachel Löwy, a utopía do surrealismo “é a do principio de resistencia á catástrofe probábel”. Seguindo a Löwy, o surrealismo reduciuse “demasiadas veces [...] a cadros, esculturas ou volumes de poemas. Inclúe todas estas manifestacións mais é, en última instancia, algo inapreixábel que escapa ás

racionalizacións dos poxadores, dos coleccionistas, dos arquivistas. O surrealismo é sobre todo, e ante todo, un certo *estado de espírito*. Un estado de insubmisión, de negatividade, de revolta [...]”⁷². Ese estado de espírito, achegado ao estado romántico, conformaba o atractivo do surrealismo para Varela e Seoane.

‘Premáticas y desahogos’, como se pode doadamente comprobar, serve de catálogo das ocupacións culturais do maxín de Lorenzo Varela. A pintura é outro dos teclas premidas nunha sección que non deixaba tecla sen soar. “Ese tonel de pintura que es Diego Rivera”⁷³, Pablo Picasso⁷⁴, unha ambigua ollada sobre Salvador Dalí⁷⁵ ou máximas de alcance xeral⁷⁶ publicáronse nas liñas aforísticas de Varela.

A política, se ben en contadas ocasións, tampouco non se ausenta de ‘Premáticas y desahogos’. Outra volta o ‘Chamado ao lector’ do primeiro número do *Correo Literario*, unha sorte de declaración de principios na que se afirma a vontade dos reitores da revista de loitar contra o fascismo. Así, Varela, cunha xa moi determinada orientación ideolóxica, escribe: “No es que los ingleses odien absolutamente todo lo que flota: lo hunden por mero espíritu deportivo. Y con la misma eficacia con que los alemanes odian cuanto vive sobre la tierra. Hay sin embargo una diferencia: los ingleses se quedan solos en el mar, lo cual quiere decir que triunfan, mientras los alemanes se quedan solos en la tierra, lo cual quiere decir que fracasan”⁷⁷. As raíces marxistas do pensamento de Lorenzo Varela e a militancia comunista que, daquela, aínda mantiña na Arxentina, imbúen o lene aire político de ‘Premáticas y desahogos’. A civilización estadounidense, abofé, non funciona de modelo, malia a actual, naquela altura, conxuntura política: “Así como los nazis son los inventores de la guerra relámpago porque carecían de recursos para hacer la gran guerra, la guerra clásica, los yanquis son los inventores de la novela relámpago, del cine relámpago y, en general, de la vida relámpago”⁷⁸.

O cinema⁷⁹, que adoitaba cubrir a contracapa do *Correo Literario*, ou algún texto para os que xa se perderon as chaves de interpretación, por mor do seu carácter moi puntual⁸⁰, completaban a amplitude horizontes da man que trazaba ‘Premáticas y desahogos’, nomeadamente de Lorenzo Varela. A partir do número 12 da revista, a sección deixou de se publicar. Lorenzo Varela, que como xa se dixo, aínda enxergaba a posibilidade de regreso a un lugar de nación en liberdade, recolleu outras responsabilidades dentro do *Correo*, entre elas a de redactar a ‘Carta abierta’. A tensión creativa, a sorna impía, os ataques masivos a quen asentiu ao fascismo, das ‘Premáticas y desahogos’ esvaeceron no cerne do vórtice exiliado de primeira hora.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO MONTERO, Xesús (1994): 'Cincuentenario de Correo Literario. Prólogo á edición facsímile cun 'apéndice para argentinos', en *Correo Literario. Edición facsímil*, A Coruña, Edición do Castro.
- AXEITOS, Xosé Luís (2005): *Algunhas reflexións sobre o exilio e Lorenzo Varela*, A Coruña, Edición do Castro.
- LÖWY, Michael (2005): *A estrela da mañá. Surrealismo e marxismo*, Compostela, Edicións Laivento.
- MACHADO, Antonio (2001): *Juan de Mairena*, Madrid.
- MOLINA, César Antonio (1989): *Prensa literaria en Galicia*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, María Antonia (2005): 'Estudo introdutorio', en *Lorenzo Varela en revistas culturais de México e Bos Aires*, Compostela, Consello da Cultura Galega.
- SADOUL, George (1977): *Diccionario del cine. Cineastas*, Madrid, Ediciones Istmo.
- SAID, Edward W. (2005): *Reflexiones sobre el exilio. Ensayos literarios y culturales*, Barcelona, Editorial Debate.
- SALGADO, Daniel (2005): 'A poesía e o Correo Literario. Aspectos', en *Día das Letras Galegas 2005. Lorenzo Varela*, Compostela, Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- SALGADO, Fernando (2005): *Lorenzo Varela: A voz desterrada*, A Coruña, Edición do Castro.
- SEOANE, Luís (1979): limiar a *Homaxes*, de Lorenzo Varela, A Coruña, Edición do Castro.
- SWIFT, Jonathan (2001): *Ensaio, sátiras e aforismos*, Compostela, Edicións Laivento.
- VÉLEZ DE GUEVARA, Luis (1999): *El diablo Cojuelo*, edición de Ramón Valdés e estudo preliminar de Blanca Perrián, Barcelona: Editorial Crítica, colección Biblioteca Clásica.

NOTAS

- 1 O título orixinal da fita é *Spanish Earth* e data de 1937. O presidente de Estados Unidos naquela altura, F.D. Roosevelt, declarou que *Terra española* era "o filme que todo o mundo debe ver".
- 2 Entre os buques que evacuaron republicanos refuxiados cara ás Américas, maiormente cara a México, salientan as mitoloxías creadas arredor do Winnipeg e do Sinaia. O Winnipeg botouse ao mar grazas a unha xestión de Pablo Neruda, daquela cónsul de Chile en París, mentres que no Sinaia, onde viaxou Lorenzo Varela e que arribou en Veracruz, se chegou a editar un xornal.
- 3 Algúns intelectuais mexicanos chegaron a se enfrontar cos republicanos españois en agresivos episodios. Lorenzo Varela trocou México por Buenos Aires como lugar de exilio a causa dunha destas liortas.
- 4 Todo relacionado, de certo xeito, coa experiencia de *Romance*. Vid. Salgado, Fernando, 2005, capítulos XIII ('*Romance*') e XIV ('*Guerra literaria*').
- 5 Escrito maiormente en México mais publicado en Buenos Aires, cunha tiraxe de 1100 exemplares, na colección Pomba, da editorial Nova. A edición, cun limiar de Rafael Dieste, estivo ao coidado de Luís Seoane, quen tamén dirixía a empresa.
- 6 Para unha descrición máis polo miúdo da peripécia editorial da revista, vid. Salgado, Daniel, 2005 e tamén Pérez Rodríguez, María Antonia, 2005, páxinas 80-95.
- 7 Un dos primeiros relatos editados por Cortázar viu luz no número 19 do *Correo Literario*: 'Bruja', despois recollido no libro *La otra orilla*. Vid. Salgado, Fernando, 2005, capítulo XXI ('Julio Cortázar').
- 8 Vid. Pérez Rodríguez, María Antonia, 2005, páxinas 80-95.
- 9 Pérez Rodríguez apunta unha inverosímil coincidencia, á mantenta do propio Varela, entre as iniciais do pseudónimo e o acrónimo das Forzas Armadas Revolucionarias: "Este pseudónimo ten un acrónimo, FAR, que curiosamente se corresponde coas letras iniciais de Forzas Armadas Revolucionarias, unha coincidencia que non desbotamos que tivese en conta o noso poeta". As FAR, amais, operaron anos máis logo.
- 10 'Ofrenda a los franceses', 'Atenas', 'Mujer del éxodo', 'Canciones a la victoria', 'A una lejana amiga', 'A Dolores Ibárruri, en Francia' e 'A

- Don Juan Martín el Empecinado' foron as composicións de Varela que apareceron no *Correo Literario* por primeira vez.
- 11 O libro de Emilio Pita publicado en 1942.
 - 12 Os poemas foron 'A lo lejos pinares', 'Antonio Noriega Varela', 'Meira' e 'Petofi'. Vid. Salgado, Daniel, 2005.
 - 13 Vid. capítulo XX ('Correo Literario') de Salgado, Fernando, 2005.
 - 14 Vid. Seoane, Luís, 1979.
 - 15 No mesmo proemio a *Homaxes*, Seoane explica que Lorenzo Varela foi quen redactou a 'Carta Abierta' entre os números 14 e 39 do *Correo Literario*.
 - 16 O único dos dicionarios de español consultados nos que figura a entrada 'premática'.
 - 17 Francisco de Quevedo resulta, segundo Fernando Salgado, o espello poético no que se mira Varela para compor as lirias satíricas contra Juan José Domenchina. A denominada Xeración do 27, no entanto, configurouse arredor da recuperación para o canon literario do outro gran poeta do XVII español, Luis de Góngora. Vid. Salgado, Fernando, 2005, capítulo XIV ('Guerra Literaria').
 - 18 En *Correo Literario* n.º 5, verbo de Ramón Pérez de Ayala: "[...] Pero, aparte de su desdén político, lo que no entenderemos nunca, salvo que los años nos vuelvan así, es como soporta sus propios soponcios [...]".
 - 19 En *Correo Literario* n.º 1: "Si hay algo que se parezca a una calamidad, espiritualmente hablando, ello es la última producción de Gerardo Diego [...]".
 - 20 En *Correo Literario* n.º 1: "Se parecían tanto aquellas mellizas, que decían de ellas: La una es la vida secreta de Salvador Dalí, la otra su vida pública".
 - 21 En *Correo Literario* n.º 10: "El señor Jardiel Ponciela, embajador DRAMÁTICO del fascismo [...]".
 - 22 "Nietzsche, o sobexo aforista que trabllou ao xeito de La Rochefoucauld, Chamfort e Lichtenberg, emprega a linguaxe para impulsar e sondar alén do que se agarda [...]", vid. Said, Edward W., 2005, páxina 104.
 - 23 Jonathan Swift naceu en Dublín en 1667 e morreu, na mesma cidade, en 1745.
 - 24 Vid. Pérez Rodríguez, María Antonia, 2005, páxina 95.
 - 25 "Ante as opinións encontradas, Lorenzo Varela, sentado onda Dieste, turra da manga do amigo en pé, e suxírelle que propoña a Bergamín como presidente executivo [da Alianza de Intelectuais Antifascistas], con Machado na presidencia de honra". Vid. Salgado, Fernando, 2005, capítulo VIII ('Intelectuais antifascistas'), páxina 96.
 - 26 Así o demostrou no seu célebre discurso perante as Xuventudes Socialistas.
 - 27 Vid. Machado, Antonio, 2001.
 - 28 Vid. 'Prólogo' de Ramón Valdés en Vélez de Guevara, Luis, 1999.
 - 29 Bailes considerados indecentes ou lascivos naquela altura e inventados no inferno.
 - 30 Músicas profanas, xogos e espectáculos errantes.
 - 31 Vid. 'Prólogo' de Ramón Valdés en Vélez de Guevara, Luis, 1999.
 - 32 Vid. Pérez Rodríguez, María Antonia, 2005, páxina 113.
 - 33 A revista *Cabalgata. Quincenario Popular. Espectáculos, Literatura, Noticias, Ciencias, Artes* foi o proxecto no que se enrolaron Luís Seoane e Lorenzo Varela, como directores artístico e literario respectivamente, após do peche de *Correo Literario*. A aventura, que durou 21 números entre xuño de 1946 e o mesmo mes de 1948, financiou na a editorial Poseidón, do secretario da Xunta de Exposicións da Generalitat de Catalunya durante a II República e a Guerra Civil e logo exiliado catalán Joan Merli Pahisa. Vid. Salgado, Fernando, 2005, capítulo XXI ('Julio Cortázar').
 - 34 En *Correo Literario* n.º 4.
 - 35 "Prensa literaria é aquela que se preocupa máis especificamente do desenrolo (*sic*) desta parcela do coñecemento humano. Posteriormente atenderei ás súas diferentes manifestacións, pero aquí querería resalta-lo compendio de todas elas mediante o que se veu denominando 'periódico das letras' [...] Este periódico ten o mesmo formato ca un diario, e incluso o seu papel, impresión e maquetación. É máis barato ca unha revista e a súa periodicidade máis habitual (semanal ou quincenal). Tódolos xéneros literarios e periodísticos funcionan conxuntamente cun afán de divulgar, informar e tamén orientar sobre o pracer de ler". Vid. Molina, César Antonio, 1989, páxina 20.
 - 36 En *Correo Literario* n.º 2.
 - 37 En *Correo Literario* n.º 2.
 - 38 En *Correo Literario* n.º 5.
 - 39 En *Correo Literario* n.º 6.
 - 40 Vid. Said, Edward W., 2005, páxina 195.
 - 41 En *Correo Literario* n.º 4.
 - 42 En *Correo Literario* n.º 5.
 - 43 En *Correo Literario* n.º 5 e n.º 11.
 - 44 En *Correo Literario* n.º 2.
 - 45 En *Correo Literario* n.º 7.
 - 46 En *Correo Literario* n.º 10.
 - 47 En *Correo Literario* n.º 1.

- 48 En *Correo Literario* n.º 10.
- 49 En *Correo Literario* n.º 1.
- 50 “Escribiráse / nos tempos sombrizos? / Tamén se escribirá / dos tempos sombrizos”.
- 51 En *Correo Literario* n.º 1.
- 52 O testemuño procede dunha entrevista co escritor arxentino Santiago Kovadloff, amigo de Lorenzo Varela, realizada en Buenos Aires en 2004.
- 53 En *Correo Literario* n.º 9.
- 54 En *Correo Literario* n.º 4.
- 55 “Lorenzo vaino considerar [a expulsión de *Romance*] no resto dos seus días como un roubo, aleivoso crime que atribúe a estes dous homes: Martín Luis Guzmán e Juan José Domenchina”. Vid., Salgado, Fernando, 2005, páxina 156.
- 56 Juan José Domenchina era o destinatario do furibundo poemario de Lorenzo Varela *Elegías españolas*, publicado en México en novembro de 1940. Vid. Salgado, Fernando, 2005, capítulo XIV (‘Guerra literaria’).
- 57 Resentido até o punto de esquecer, nun artigo de 1941 en *Romance* intitulado ‘La poesía española contemporánea’, os nomes de García Lorca, Vicente Aleixandre, Luis Cernuda, Rafael Alberti, Jorge Guillén, Pedro Salinas, Miguel Hernández ou Arturo Serrano Plaja. Vid. Salgado, Fernando, 2005, páxina 165.
- 58 En *Correo Literario* n.º 6.
- 59 En *Correo Literario* n.º 3.
- 60 En *Correo Literario* n.º 6.
- 61 En *Correo Literario* n.º 3.
- 62 En *Correo Literario* n.º 11.
- 63 En *Correo Literario* n.º 5.
- 64 En *Correo Literario* n.º 3.
- 65 En *Correo Literario* n.º 3.
- 66 En *Correo Literario* n.º 6.
- 67 En *Correo Literario* n.º 6.
- 68 En *Correo Literario* n.º 7.
- 69 En *Correo Literario* n.º 8.
- 70 En *Correo Literario* n.º 4.
- 71 En *Correo Literario* n.º 1.
- 72 Vid. ‘Romper a gaiola de aceiro’, en Löwy, Michael, 2005, páxina 15.
- 73 En *Correo Literario* n.º 8.
- 74 En *Correo Literario* n.º 7: “Desde su cima variable, Pablo Picasso echa una mancha protectora, al limpiar sus pinceles, sobre la obra de los pulgarcitos que se apretujan a sus pies tratando de comerle las raíces más debiles”. Na xeira de *Correo Literario* hai abondosas pegadas da admiración rendida de Lorenzo Varela por Pablo Picasso.
- 75 En *Correo Literario* n.º 1: “Se parecían tanto aquellas mellizas, que decían de ellas: La una es la vida secreta de Salvador Dalí, la otra su vida pública”. Cómpre lembrar que Salvador Dalí, logo de se apegar á xeración do 27, na que houbo exiliados e paseados, pasou a lexitimar e apoiar o bando fascista de Franco.
- 76 En *Correo Literario* n.º 6: “El gran pintor no recordaba, cuando decía que la pintura se huele, que, a veces, eso es lo malo”.
- 77 En *Correo Literario* n.º 4.
- 78 En *Correo Literario* n.º 8.
- 79 Especialmente lucida aquela do *Correo Literario* n.º 7: “A última hora hemos perdido las esperanzas que teníamos puestas en los directores franceses que fueron a caer a Hollywood. Parece como si a cada uno de ellos le hubieran cubierto la intuición de antes con esa definitiva parafina de ahora, y hasta en las imágenes antes limpias se enmaraña el chicle del éxito, el gran panqueque del triunfo”.
- 80 En *Correo Literario* n.º 12, por exemplo, o derradeiro texto da sección.